
Acta da Comisión Extraordinaria de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 26 de xuño de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 26/06/2018
- II. Asistentes á CGIC do 26/06/2018
- III. Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión ás 13 horas e 35 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona María Araújo Fernández, e trátase o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

A documentación relativa a este punto (Anexo III) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC.

Toma a palabra a profesora Dna. Elena Alonso Prieto en calidade de coordinadora do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas.



A coordinadora expón, punto por punto, as alegacións redactadas no documento así como os plans de mellora orixinados. Coméntase que gran parte do exposto no Informe Provisional constaba xa de forma explícita no propio Autoinforme elaborado no centro.

A Comisión aproba por unanimidade as Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e seis de xuño de dous mil dezaioito.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

María Araújo Fernández

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 26/06/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o día 26 de xuño de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 13:30 horas para tratar o seguinte punto da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 26/06/2018.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 26 de xuño de 2018	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
María Araújo Fernández	Presidenta en funcións & Coordinadora Grao ERME
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
Miguel Míllara Crispín	Representante do Alumnado



ANEXO III

Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a
Renovación da Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas